

6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 12: Debate

Actividade 1

Enunciado: Define.

Coloquialismos: **palabras empregadas só ante persoas de confianza.**

Palabras comodín: **palabras que non expresan nada en concreto.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Define con total corrección os termos coloquialismo e palabra comodín.	Define con bastante corrección os termos coloquialismo e palabra comodín.	Ten dificultades para definir con corrección os termos coloquialismo e palabra comodín.	Non define con corrección os termos coloquialismo e palabra comodín.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica coloquialismos e palabras comodín.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 2

Enunciado: Substitúe as palabras comodín por outras máis adecuadas.

- Deixa iso no paraugueiro, que non chove.

Deixa o paraugas no paraugueiro que non chove.

- Aí!, piqueime coa punta da cousa de facer círculos.

Aí!, piqueime coa punta do compás.

- Vaia máquina ten o teu pai, parece de carreiras.

Vaia coche/moto ten o teu pai, parece de carreiras.

- Non esquezas isto, que na rúa vai moito frío.

Non esquezas o abrigo/bufanda que na rúa vai moito frío.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todas as palabras comodín dun texto e as substitúe, correctamente, por outras máis adecuadas.	Identifica case todas as palabras comodín dun texto e as substitúe, correctamente, por outras máis adecuadas.	Identifica a metade das palabras comodín dun texto e as substitúe, correctamente, por outras máis adecuadas.	Identifica menos da metade das palabras comodín dun texto e as substitúe, con dificultade, por outras máis adecuadas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica coloquialismos e palabras comodín.

Obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 3

Enunciado: Analiza sintacticamente as seguintes oracións.

- Onte agardou con Lois dúas horas na tenda tranquilamente.

CCT NP CCCom CCC CCL CCM

P verbal (oración predicativa)

- A tenda estará pechada esta semana.

NS NP Atrib CCT

Sux P nominal (oración copulativa)

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza correctamente análises sintácticas.	Comete menos de catro erros cando realiza análises sintácticas.	Comete entre catro e oito erros cando realiza análises sintácticas.	Comete máis de oito erros cando realiza análises sintácticas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Realiza análises sintácticas.

Le un texto de forma fluída.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 4

Enunciado: Escribe oracións que cumpran o sinalado.

• CCT + suxeito + verbo + atributo + CCL.

• Suxeito + verbo + CD + CI + CCL + CCI.

• Verbo + CD + CCM + CI + CCT.

. Suxeito paciente + verbo+ CCI + C axente +CCT

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente oracións que se atean a un esquema sintáctico dado	Ten fallos nunha oración á hora de escribila seguindo un esquema sintáctico dado	Ten fallos en dúas oracións oracións á hora de escribilas seguindo un esquema sintáctico dado	Ten fallos en tres ou máis oracións á hora de escribilas seguindo un esquema sintáctico dado

Estándar de aprendizaxe avaliable

Realiza análises sintácticas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 5

Enunciado: Escribe dúas oracións transitivas.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe con acerto oracións que cumbran unha condición sintáctica.	Escribe, con bastante acerto, oracións que cumbran unha condición sintáctica.	Cústalle escribir, con acerto, oracións que cumbran unha condición sintáctica.	Non escribe, con acerto, oracións que cumbran unha condición sintáctica.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Realiza análises sintácticas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 6

Enunciado: Atopa as palabras mal escritas e volve escribilas de forma correcta.

ioga spray kimono quiwi hobbi
kilo judo yogurt jazz anorak

quilo, quimono, iogur, kiwi, hobby

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre reconece e escribe correctamente palabras que se escriben con <i>j, k, w e y</i> .	Case sempre reconece e escribe correctamente palabras que se escriben con <i>j, k, w e y</i> .	Cústalle reconecer e escribir correctamente palabras que se escriben con <i>j, k, w e y</i> .	Non reconece nin escribe correctamente palabras que se escriben con <i>j, k, w e y</i> .

Estándar de aprendizaxe avaliable

Reconece e escribe correctamente palabras que se escriben con *j, k, w e y*.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 7

Enunciado: Escribe o solicitado.

- Unha oración predicativa intransitiva activa.

- Unha oración copulativa.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe con corrección oracións que cumpran unhas condicións sintácticas previas.	Escribe con bastante corrección oracións que cumpran unhas condicións sintácticas previas.	Escribe con dificultade oracións que cumpran unhas condicións sintácticas previas.	Non é capaz de escribir oracións que cumpran unhas condicións sintácticas previas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Realiza análises sintácticas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 8

Enunciado: Que hai que ter en conta á hora de levar a cabo un debate?

Buscar un tema interesante, formar grupos que defendan posturas, elixir un ordenador, repartir o tempo das intervencións, respectar as quendas de palabra.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente as normas de participación nos debates	Coñece con bastante exactitude, as normas de participación nos debates	Coñece de xeito deficiente, as normas de participación nos debates	Non coñece as normas de participación nos debates

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as normas de participación nos debates

Competencias clave

lingüística

Competencia social e cívica

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 9

Enunciado: Escribe catro características da traxedia.

Ten orixe na Grecia Clásica.

Os seus personaxes protagonistas vense enfrontados de xeito inevitable a todo tipo de dificultades.

Ten un desenlace fatal.

O protagonista morre ou é destruído socialmente.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente, todas as características da traxedia.	Coñece tres características da traxedia.	Coñece dúas características da traxedia.	Coñece unha característica da traxedia ou descoñéceas todas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as características da traxedia

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 10

Enunciado: Que son as redes sociais?

Son lugares de Internet que permiten manter comunicación con outras persoas.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Enuncia correctamente as características da redes sociais.	Enuncia con bastante corrección, as características da redes sociais.	Enuncia con dificultade, as características da redes sociais.	Non é quen de enunciar as características da redes sociais.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Enuncia as características da redes sociais.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 11

Enunciado: As palabras destacadas do texto son palabras comodín? Por que?

Antes de saír para o traballo, a nai de Xurxo díxolle: «cando remates de facer as **cousas** da escola non se che ocorra entrar nas redes sociais, colle **iso** que está enriba da mesa e vai mercar un spray para limpar o skai do sofá e patacas e ovos para facer unha tortilla para a cea. Ah!, e non esquezas facer as invitacións para o teu aniversario». Xurxo respondeu que si coa testa mentres observaba, atentamente no televisor, os sketches humorísticos sobre o debate da noite pasada que facían os actores do seu programa favorito.

Si, porque non expresan nada en concreto.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Razoa de forma correcta a inclusión ou non no grupo das palabras comodín de termos dun texto.	Razoa de forma bastante correcta a inclusión ou non no grupo das palabras comodín de termos dun texto.	Razoa con dificultade a inclusión ou non no grupo das palabras comodín de termos dun texto.	Razoa de forma inadecuada a inclusión ou non no grupo das palabras comodín de termos dun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica coloquialismos e palabras comodín.

Le un texto de forma fluída.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 12

Enunciado: Indica por que outros verbos se podería substituír o verbo *facer* no texto para que se aclare mellor o seu significado.

Preparar, escribir, representaban.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre substitúe de forma correcta unha palabra comodín por outra que exprese de forma máis completa o que se quere dicir.	Case sempre substitúe de forma correcta unha palabra comodín por outra que exprese de forma máis completa o que se quere dicir.	Ten dificultades á hora de substituír unha palabra comodín por outra que exprese de forma máis completa o que se quere dicir.	Non é capaz de substituír unha palabra comodín por outra que exprese de forma máis completa o que se quere dicir.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica coloquialismos e palabras comodín.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 13

Enunciado: Que son os coloquialismos?

Palabras empregadas só ante persoas de confianza.

Escribe tres oracións nos que os empregues.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente o concepto de coloquialismo e escribe textos que sirvan como exemplo.	Coñece con bastante corrección o concepto de coloquialismo e escribe textos que sirvan como exemplo.	Coñece de forma básica o concepto de coloquialismo e ten dificultades para escribir textos que sirvan como exemplo.	Non coñece o concepto de coloquialismo ou non escribe textos que sirvan como exemplo deste.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica coloquialismos e palabras comodín.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 4

Enunciado: Analiza sintacticamente as seguintes oracións.

- Logo, Xurxo mercará patacas e ovos para a tortilla.

CCT NS NP CD CCF

P SUX P verbal (Oración predicativa)

- Nese momento, Xurxo observaba atentamente os sketches no televisor.

CCT NS NP CCM CD CCL

P SUX P verbal (oración predicativa)

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza correctamente análises sintácticas.	Comete menos de catro erros cando realiza análises sintácticas.	Comete entre catro e oito erros cando realiza análises sintácticas.	Comete máis de oito erros cando realiza análises sintácticas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Realiza análises sintácticas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 15

Enunciado: Que diferencia a análise sintáctica da morfolóxica?

Que na análise sintáctica se identifican os complementos que forman a acción e na morfolóxica se indica a categoría gramatical de cada palabra.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Diferencia perfectamente a análise sintáctica da morfolóxica.	Diferencia con bastante corrección a análise sintáctica da morfolóxica.	Necesita axuda para diferenciar a análise sintáctica da morfolóxica.	Non diferencia correctamente a análise sintáctica da morfolóxica.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Diferencia entre a análise sintáctica e a morfolóxica.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 16

Enunciado: Busca no texto e escribe.

- Unha oración transitiva.
-

- Unha oración intransitiva.
-

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe con corrección oracións que cumpran unhas condicións sintácticas previas.	Escribe con bastante corrección oracións que cumpran unhas condicións sintácticas previas.	Escribe con dificultade oracións que cumpran unhas condicións sintácticas previas.	Non é capaz de escribir oracións que cumpran unhas condicións sintácticas previas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Realiza análises sintácticas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 17

Enunciado: Escribe as palabras do texto que conteñen letras que non forman parte do alfabeto galego e explica o porqué da súa escritura.

Spray, skai, sketches. Escríbense así porque son estranxeirismos que aínda non se adaptaron ao noso alfabeto.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Explica correctamente o porqué do uso de <i>j</i> , <i>k</i> , <i>w</i> e <i>y</i> nalgunhas palabras do galego.	Explica con bastante corrección o porqué do uso de <i>j</i> , <i>k</i> , <i>w</i> e <i>y</i> nalgunhas palabras do galego.	Explica de forma básica o porqué do uso de <i>j</i> , <i>k</i> , <i>w</i> e <i>y</i> nalgunhas palabras do galego.	Non é quen de explicar correctamente o porqué do uso de <i>j</i> , <i>k</i> , <i>w</i> e <i>y</i> nalgunhas palabras do galego.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Recoñece e escribe correctamente palabras que se escriben con *j*, *k*, *w* e *y*.
Obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender

Actividade 18

Enunciado: O programa que está vendo Xurxo podería ser parte dunha obra trágica? Por que?

Non, porque o protagonista non sofre dificultades que o levan a súa morte ou aniquilación.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Emite un xuízo correctamente razoado para incluír un texto na categoría de traxedia ou non.	Emite un xuízo bastante ben razoado para incluír un texto na categoría de traxedia ou non.	Emite un xuízo pouco razoado para incluír un texto na categoría de traxedia ou non.	Non é capaz de razoar a inclusión dun texto na categoría de traxedia ou non, ou o fai de xeito erróneo.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as características da traxedia.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 9

Enunciado: A nai dille a Xurxo que non entre nas redes sociais. Que son?

Lugares de Internet que permiten manter comunicación con outras persoas.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Enuncia correctamente as característica das redes sociais.	Enuncia con bastante exactitude, as característica das redes sociais.	Enuncia de forma básica as característica das redes sociais.	Non enuncia as característica das redes sociais

Estándar de aprendizaxe avaliable

Enuncia as característica das redes sociais.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencias sociais e cívicas

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 20

Enunciado: Sobre que eran os sketches?

Sobre o debate da noite.

En que consiste?

É un diálogo entre varias persoas no que se expoñen opinións diferentes sobre un tema, defendéndoas de xeito razoado para intentar convencer os contrarios.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente o que é un debate e as súas normas de participación	Coñece con bastante corrección o que é un debate e as súas normas de participación	Coñece basicamente o que é un debate e as súas normas de participación	Non coñece o que é un debate nin as súas normas de participación

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as normas de participación nos debates e aplícaas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencias sociais e cívicas